

Estudamos un eclipse

Obxectivo.

O noso gran obxectivo é que os/as alumnos/as coñezan a existencia dun eclipse. Para iso enlazamos este obxectivo co estudo sobre o Sol, a Terra e a Lúa.

Coñecer tamén outros planetas do noso sistema solar. O noso planeta Terra, o seu satélite a Lúa e a nosa estrela máis próxima, o Sol; a máis importante do sistema solar.

Primeira conversación e preguntas iniciais.

O estudo comeza cunha pregunta que terían que resolver preguntando a alguén, sexa na casa cos pais, avós, tíos; ou incluso a algún amigo do colexio. A pregunta é ¿Que sucederá o próximo día 20 de marzo? A resposta será dada ó día seguinte de ter clase de Coñecemento.




O segundo día contestouse á pregunta e realizouse a conversa relacionando o tema sobre a Terra, a Lúa e o Sol.

¿Como é? ¿De que cor é? ¿Canto dura? ¿Pódese ver dende calquera parte? ¿É perigoso?

E outras moi similares que foron resumidas nestas anteriores.

Desenvolvemento da actividade.

Con estas primeiras preguntas propúxose que definiran a priori o que para eles era un eclipse, botando man do que eles coñecían. Logo que realizaran uns debuxos intentando expresar o que escribían.



A continuación visitamos a nosa biblioteca, e alí buscamos todo tipo de libros que nos falasen sobre os eclipses e tamén sobre a Terra, a Lúa e o Sol.

Aprendemos a buscar os libros segundo a temática, neste caso ciencias. Incluso buscamos en revistas sobre ciencias e tamén se atoparon cousas interesantes.

Con esta indagación apareceron novas preguntas que foron incluídas na nosa folla – traballo.



De seguido se fixeron grupos de traballo e eles mesmos indagaron, xa cos libros na aula sobre diferentes temas que tiñan que ver cos eclipses.



Un primeiro grupo traballou sobre tipos de eclipses: solares, lunares, parciais, totais.






O segundo grupo traballou sobre onde se pode ver un eclipse e cales son os elementos dun eclipse, así xa entran en materia sobre a información da Terra, a Lúa e o Sol.



O terceiro grupo traballou sobre que temos que ter en conta para observar un eclipse e tamén as fases dun eclipse, neste caso lunar.



Todo o resultado foi exposto nunhas cartolinas para logo ser explicado ó resto dos compañeiros e así foi como quedou a investigación.



Falta comentar o experimento de realizar o eclipse que quedou posposto para esta semana xa que por tempo non se puido facer.

Tamén se observou o eclipse gracias ó programa “Solar System scope” onde se pode recrear antes de tempo o fenómeno. Grazas a el tamén se observaron os diferentes planetas do sistema solar, así como as súas diferentes lúaas.

Valoración persoal:

– Aspectos positivos:

Están aprendendo a traballar en equipo. Tiñan traballado algo xa no primeiro trimestre pero con esta investigación veuse en realidade a dificultade dalgún e dalgunha alumna.

Traballar e indagar na biblioteca. Sempre se foi a ela para ler, facer intercambio de contos ou mesmo traballar outras cousas, como recitados de poesías, teatro, etc. Pero nunca para investigar.

Os/as alumnos/as menos motivados tiñan máis interese, incluso colaboraban

moito máis que nunha sesión normal.

– **Aspectos mellorables:**

O máis importante: a organización do tempo, do espacio e do lugar. Do tempo por que non chegaba o tempo para tanta conversa, ou para a propia investigación (que levou o seu tempo), logo pasar os diferentes textos ás cartolinas. O espacio para traballar, creo que con máis espacio, mellor resultado. O lugar ten que ver coa biblioteca, non se podía cando nos queríamos ou por outro lado quitarlle tempo a outros cursos, previa petición.